

PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2024/2025

POSTOS ESCOLARES OFERTADOS

CURSO	PRAZAS
4º DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 ANOS)	51 + 9* PRAZAS
5º DE EDUCACIÓN INFANTIL (4 ANOS)	0 PRAZAS.
6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)	0 PRAZA.

**Reservadas para escolarizar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.*

❖ O PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE SERÁ **DO 1 AO 20 DE MARZO.**

Documentación a presentar:

- Modelo de solicitude oficial anexo **II ED550B+Anexo II-bis** debidamente cuberta e asinada por ambos proxenitores ou titores legais.
- Poderán presentar a solicitude **de forma presencial** no centro, ou a través da **aplicación *admisionalumnado*** da Xunta <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, ou en **sede electrónica** con chave 365 ou certificado dixital.
- Documentación acreditativa do requisito de idade. Libro de familia ou DNI do neno/a
- Cando denegue a consulta. DNI dos membros da unidade familiar. (Orixinal e copia).
- Cando sexa preciso a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- No caso de optar a unha praza para alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**, achegarase a documentación que acredite as circunstancias desta petición.

No caso de alegar **situación desfavorecida** como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán o informe dos servizos oficiais competentes.

❖ PROCESO:

- Deben ter en conta que só poden presentar unha **única solicitude** no centro no que soliciten praza. **A duplicidade determinará a perda dos dereitos que poidan corresponderlles.**
- A solicitude presentada nun centro poderá **anularse mediante a presentación dunha nova**, indicando na casilla correspondente desta, a renuncia á presentada con anterioridade.
- **A falsidade ou ocultación dalgún dato** na solicitude provocará que a mesma sexa enviada de xeito inmediato á Comisión de Escolarización, podendo **perder o dereito de prioridade.**
- Para o alumnado que teña garantía de **permanencia nun centro**, se presentan solicitude de admisión noutro distinto deberán comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
- Deben ter en conta que se presentan a **reserva de praza** ao centro adscrito, non poden presentar solicitude de admisión noutro distinto se non renuncian á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión (ata o 28 de febreiro inclusive).
- **O 21 de marzo** figurará neste taboleiro se é preciso axuntar outra documentación para baremar ou polo contrario se as nenas e nenos están todos admitidos.
- O prazo de **presentación da documentación xustificativa** dos criterios de baremación alegados será **do 21 de marzo ao 5 de abril**. Esta documentación tan só será precisa se houbera máis solicitudes que prazas.
- É **responsabilidade das familias entregala en tempo e forma, de non facelo entenderase que renuncian á valoración correspondente.**
- **Criterio complementario: Existencia de irmáns no IES Sánchez Cantón.**

❖ **O día 25 de abril, publicaranse as listaxes provisionais do alumnado admitido**, podendo formular reclamación ante o Consello Escolar da Escola nos 5 seguintes días hábiles despois da súa publicación.

❖ **As listaxes definitivas do alumnado admitido publicaranse o día 15 de maio**, podendo ser obxecto de recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS

CRITERIOS PARA O BAREMO

- **Domicilio familiar**, mediante volante histórico de convivencia do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo o certificado deberá estar expedido no ano 2024.
- **Domicilio laboral:**
 - a) No caso de persoas que **presten servizos retribuídos por conta allea**, mediante a achega de documento expedido para o efecto polo/a empregadora/or xunto cunha copia do *contrato de traballo e o informe de vida laboral*.
 - b) No caso de **traballadoras e traballadores por conta propia**, mediante a alta censal inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria na que consta a dirección do centro de traballo, ou licencia de apertura ou actividade do Concello, se non está obrigado a estar de alta en dito censo.
 - c) O **persoal ao servizo das administracións públicas** presentará unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.
- A condición de **familia numerosa**, mediante fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar. *(Cando denegue a consulta)*.
- A condición de **familia monoparental**, presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica.
- Documentación xustificativa da condición de **vítima de violencia de xénero** dacordo co artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Certificado de **vítima de terrorismo** dacordo coa Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas de terrorismo.
- Concorrenza de **discapacidade** no pai, nai, titor legal ou nalgún irmán, mediante a certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de Traballo e Benestar ou, se é o caso, do órgano competente doutras administracións públicas. *(Cando denegue a consulta)*.
- Existencia de **irmáns no IES Sánchez Cantón**, acreditarase mediante copia completa do libro de familia e certificación do centro correspondente de estar matriculado na ESO, 1º de bacharelato ou certificado de reserva en 1º da ESO.

ANEXO 1. ZONA EDUCATIVA DA EEI CRESPO RIVAS

- ❖ Esta Escola está adscrita ao **CEP Campolongo** e este está adscrito ao **IES Sánchez Cantón**.
- ❖ **O ámbito de influencia desta Escola abarca o perímetro delimitado da seguinte maneira:**

Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro.
Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste).
Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúas).
Rúa García Camba (excluída).
Rúa Andrés Muruais (ámbalas dúas beirarrúas).
Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas).
Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste).
Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste).
Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur).
Rúa Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas).
Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. María Victoria Moreno con Avda. de Vigo) (NOTA: o edificio da Avda. de Vigo que da a esta glorieta está incluído).
Avda. María Victoria Moreno (beirarrúa norte).
Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte).
Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque).
Rúa San Roque (beirarrúa leste).

- ❖ **Áreas limítrofes:**

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Plurilingüe Froebel, CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Cabanas e CEIP San Martiño.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Poio.

FORMALIZACIÓN DA MATRICULA DO 20 AO 30 DE XUÑO.

Se finalizado o prazo de matrícula non se tivese formalizado esta, teráselle por decaído no dereito á praza obtida.

Documentos a presentar:


- *Modelo de solicitude oficial debidamente cuberta e asinada (Anexo III-1).*
 - *Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social ou seguro médico.*
 - *Ficha de titoría (facilitada pola Escola) debidamente cuberta.*
 - *4 fotografías tamaño carné.*
- ❖ Contamos cos seguintes **servizos complementarios**:
- Plan madruga
 - Comedor
- Ambos servizos desenvolveranse nas instalacións do CEP Campolongo.
- Servizos xestionados pola FANPA-Concello, estando rexidos polo Decreto 132/2013 do 1 de agosto (DOG 13/9/2013).
- ❖ A solicitude e aceptación dunha praza nesta escola, así como a cumprimentación da matrícula na mesma, implica o respecto do Proxecto Educativo do centro.

❖ **O procedemento para a admisión** do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros sostidos con fondos públicos **estará rexido pola Orde de 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022 do 3 de febreiro, e que regula o procedemento de admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (códigos de procedemento ED550A, ED550B, ED550C).**

★ OS PAIS E NAIS DOS NENOS E NENAS FINALMENTE ADMITIDOS EN 4º DE EI, QUEDAN CONVOCADOS O **MARTES 25 DE XUÑO A UNHA REUNIÓN INFORMATIVA, ÁS 19:00 HORAS** A QUE ACUDIRÁN SEN OS SEUS FILLOS, PREFERIBLEMENTE UNHA SOA PERSOA POR FAMILIA DEBIDO A FALTA DE ESPAZOS NAS INSTALACIÓNS.

En Pontevedra, a 19 de febreiro de 2024

A Directora



Asdo.: María González Pintos

